

Acta núm. 23/2020.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 05 de agosto de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 5 de agosto de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 22/2020, DO 28.07.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 22/2020, DO 28.07.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 28.07.2020, acta núm. 22/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MERCEDES QUINTELA VEIGA, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita na rúa Moutello nº 23-Brión, limpando, revestindo e pintando a totalidade das fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6259912NH2466S0001OO) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 41,32 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.
- Total: 41,32 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EDUARDO FIDALGO GONZÁLEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación nun alpendre sito na Avda. de Noia nº 1 - Os Ánxeles, substituindo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación na que se van executar as obras, (referencia catastral nº 7148803NH2474N0001QJ), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 52,35 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 116,92 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN LIÑARES REY, na que comunica que vai realizar obras de conservación na vivenda sita en Cirro nº 18 – San Salvador, pintando a totalidade das fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación na que se van executar as obras, (referencia catastral nº 7629406NH2472N0001XY), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 50,17 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 50,17 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda en Liñares nº 61– Brión, desde o apoio existente tipo HV-160-9 ata a ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 18 metros, segundo proxecto asinado polo graduado en enxeñería eléctrica Rubén Fervenza Nicolás, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo na data 18/06/2020, visado nº 22000695.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº 5850209NH2455S0001DA), está clasificada como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e nela estase a construír unha vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na data 26/03/2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 575,50 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 55,10 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 119,67 euros.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Calo Abelleira, que di actuar en representación de ROCIO NIMO SUÁREZ, na que solicita licenza de segregación da parcela sita no lugar de Graña – Cornanda, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Calo Abelleira, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña – Pontevedra) o 09/07/2020 (expte. nº 20200442).

Descrición da parcela de orixe:

Finca rexistral: 13.348.

Referencia catastral: nº 7142401NH1474S0001YD, nº 15013B507110070000MQ e nº 15013B507210070000MD.

Superficie: 9.940,00 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo PXOM:

- 7.221 m² situados dentro de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona oeste, séndolle de aplicación dúas ordenanzas distintas:

- 1.342 m² sitúanse dentro da zona consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).
- 5.879 m² sitúanse dentro da zona non consolidada pola edificación séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

- 2.719 m² situados dentro de solo rústico de especial protección de augas, segundo D.T.1ª. 2 d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: camiño existente, leito de rego en medio.

Sur: camiño existente, leito de rego en medio, en parte, e Teresa Suárez Pais (1.027)

Este: camiño de concentración parcelaria.

Oeste: camiño existente, leito de rego en medio, en parte.

Segregación pretendida:

Parcela segregada da finca matriz 1.007-A (PSFM 1.007-A).

Superficie bruta: 2.278 m².

Superficie de cesión: 160 m²

Superficie neta: 2.118 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

Lindes:

Norte: resto da finca matriz 1.007 (RFM 1.007)

Sur: parcela segregada da finca matriz 1.007-B (PSFM 1.007-B)

Este: camiño de concentración parcelaria.

Oeste: camiño existente, leito de rego en medio, en parte.

Parcela segregada da finca matriz 1.007-B (PSFM 1.007-B).

Superficie bruta: 5.320 m².

Superficie de cesión: 257 m²

Superficie neta: 5.063 m².

Clasificación urbanística:

- 2.601 m² en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).
- 2.719 m² en solo rústico de especial protección de augas.

Lindes:

Norte: parcela segregada da finca matriz 1.007-A (PSFM 1.007-A)

Sur: camiño existente, leito de rego en medio, en parte, e Teresa Suárez Pais (1.027)

Este: camiño de concentración parcelaria.

Oeste: camiño existente, leito de rego en medio, en parte.

Resto da finca matriz 1.007 (RFM 1.007)

Superficie bruta: 2.342 m².

Superficie de cesión: 226 m²

Superficie neta: 2.116 m².

Clasificación urbanística:

- 1.342 m² en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NR0-1).
- 1.000 m² en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NR0-2).

Lindes:

Norte: camiño existente, leito de rego en medio.

Sur: parcela segregada da finca matriz 1.007-A (PSFM 1.007-A)

Este: camiño de concentración parcelaria.

Oeste: camiño existente, leito de rego en medio, en parte.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 160,00 m², 257,00 m² e 226,00 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González